

PROBAS SELECTIVAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO C1) DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO.

CORRECCIÓN DA PROBA PRÁCTICA E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

Na Sala de Xuntas da Deputación Provincial de Ourense, ás 13:00 horas do día 8 de outubro de 2021, procédese á constitución do tribunal que xulga os exercicios das probas selectivas para a provisión dunha bolsa de nomeamentos interinos de categoría de administrativo de administración xeral (subgrupo C1), segundo bases e convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2021-0396 do 12/08/2021(BOP 20/082021).

Estando presentes os membros do tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Presidente: don Adamantino Barreiros García.

Vogais: dona M.^a Ángela Garrido Movilla , dona Paula Rodríguez Yáñez, don Miguel Cid Listón e dona María Isabel Rodríguez Carrera.

Secretario: don Manuel V. Pérez Nieto.

De seguido os membros do tribunal proceden á corrección da proba práctica, tendo en conta que a puntuación máxima que se lle pode outorgar á esta proba será a que corresponda a un 60% da puntuación máxima do total do proceso selectivo, determinada unha vez se coñeza a puntuación obtida na fase de concurso; a puntuación necesaria para superar esta fase será a metade da máxima establecida.

Unha vez corrixidos os exercicios, procédese a abrir os sobres onde se atopan os nomes dos aspirantes para coñecer a identidade do titular de cada un, establecendo as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	PROBA PRÁCTICA 60% DA PUNTUACIÓN MAX. 85,12
FERNÁNDEZ COPA, JOSÉ ALBERTO	74,48
PARAMO SOTELO, EDUARDO	55,32
ALONSO DE LA IGLESIA, LAURA	55,32
ROZAS ÁLVAREZ, ERO	51,07
ALVAREZ GALLEGO, BEATRIZ	42,56
BASALO RODRIGUEZ, SONIA	NON APTO

LOPEZ RODRIGUEZ, ANA	NON APTO
MATELLANES BASALO, JUAN CARLOS	NON APTO
VICENTE VIDUEIRA, NOELIA	NON APTO

Tendo en conta a puntuación total máxima dos aspirantes (méritos mais resultado da proba práctica), fórmulase a seguinte proposta de nomeamento para a provisión dunha bolsa de nomeamentos interinos de categoría de administrativo de administración xeral (subgrupo C1):

Nº	APELIDOS E NOME	MÉRITOS 40% DA PUNTUA- CIÓN MAX. 34,05	PROBA PRÁCTICA 60% DA PUNTUA- CIÓN MAX. 85,12	TOTAL PUN- TUACIÓN MAX. 119,17
1	FERNÁNDEZ COPA, JOSÉ ALBERTO	15,75	74,48	90,23
2	PARAMO SOTELO, EDUARDO	7,60	55,32	62,92
3	ALONSO DE LA IGLESIA, LAURA	0	55,32	55,32
4	ROZAS ÁLVAREZ, ERO	1	51,07	52,07
5	ALVAREZ GALLEGO, BEATRIZ	1,87	42,56	44,43

Con isto propónse o nomeamento do aspirante don José Alberto Fernández Copa para ocupar a praza dun administrativo de administración xeral (subgrupo C1), ao servizo do Concello de Viana do Bolo.

O aspirante proposto polo tribunal, presentará, dentro do prazo de cinco días naturais, desde que se publica a proposta, os documentos acreditativos esixidos na base novena, apartado 2, das que regulan o proceso selectivo de referencia.

As persoas que superasen a fase de oposición do proceso selectivo e non acadasen a puntuación suficiente para a súa contratación ou nomeamento para o posto convocado, pasarán a integrar unha lista de reserva para posibles novos nomeamentos da categoría de administrativo/a de administración xeral.

E ás 14:00 horas, dáse por finalizado o acto. Dou fe

Handwritten signatures in blue ink, including a signature circled in blue.